

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE ARTEIXO E O CLUB CICLISTA ARTEIXO MB3 PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE CICLISMO.

En Arteixo a 13 de maio de 2019

Dunha parte D. Carlos Calvelo Martínez, maior de idade con Documento Nacional de Identidade 32.824.251-P, Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, que actúa na representación deste que legalmente lle corresponde, e a Secretaria Xeral D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos que dá fe do acto.

Doutra parte D<sup>a</sup> Jessica Angulo Pérez, maior de idade e como presidenta do Club Ciclista Arteixo, con NIE X3071923C

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

### MANIFESTAN

Que o Concello de Arteixo, ten dentro dos seus fins:

- Universalizar e facilitar o acceso á práctica de Actividade Física e deporte en toda a poboación, co fin de acadar un mellor benestar, potenciando a calidade de vida, e o equilibrio social
- Promocionar e fomentar o deporte de base entre os nenos e nenas do Concello.
- A promoción, fomento, coordinación e organización de actividades e servizos físico-deportivos para contribuír ao desenvolvemento da cultura física da poboación do municipio de Arteixo e moi especialmente das comprendidas nas Escolas Deportivas Municipais.
- Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais ao máximo número posible de cidadáns da localidade.
- Establecer convenios de colaboración con clubs e asociacións para potenciar o asociacionismo deportivo e en aras a conseguir unha maior participación cidadá no sistema deportivo local.

Que o Club Ciclista Arteixo, ten como finalidade a promoción deportiva e especificamente a práctica de Ciclismo. Dispoñendo para tal fin de suficiente organización e estando afiliado ás correspondentes Federacións Deportivas (Federación Galega e Española de Ciclismo)

- Que o Club Ciclista Arteixo conta na actualidade con Escolas Deportivas de cara a promover a práctica deportiva do Ciclismo nas parroquias e lugares do Concello de Arteixo
- Que dada a común finalidade de promoción e práctica deportiva e co obxecto de coordinar as ofertas deportivas dos seus ámbitos respectivos, se subscribe o presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

### ESTIPULACIÓNS

**PRIMEIRA.-** O Club Ciclista Arteixo (en adiante Club) obrigase á creación, dirección técnica, organización, e desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais, deporte federado e á

organización de eventos segundo a cláusula quinta, e acollerá a todas as persoas usuarias que cumpran os requisitos que se establezan para a inscrición na mesma sen que, en ningún caso, poidan comportar discriminación por razón de idade, condición física, sexo ou outras circunstancias sociais.

As Escolas Deportivas terán como principal obxectivo a promoción do Ciclismo con fins educativos, lúdicos e sociais, e quedará distribuído da seguinte maneira:

- Escolas Deportivas: Dous Grupos de dúas (2) horas semanais

**SEGUNDA.-** Os monitores da Escola Deportiva e deporte federado, serán contratados e remunerados polo Club, na forma que legalmente está establecida (facturas, nóminas ou recibos coa correspondente retención do IRPF), de quen dependerá, o cal fixará ademais o programa de ensinanza e réxime interior.

O Concello de Arteixo (en adiante Concello) queda excluído de toda relación laboral ou mercantil con calquera das persoas, tanto físicas como xurídicas, que a través do Club colaboren, participen, executen traballo ou presten servizos en orde o cumprimento do presente convenio

O club estará obrigado a que o persoal e monitor encargados de executar e impartir as Escolas Deportivas Municipais, se atope en posesión da cualificación necesaria que deberá acreditarse por medio de titulación académica (Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, Maxisterio con especialidade en Educación física, ciclo formativo de animación de actividades físicas e deportivas) ou titulación deportiva específica á modalidade deportiva de referencia.


### **TERCEIRA.-**

- a. Para adestramentos e competicións oficiais federadas, o Club gozará dunha bonificación do 100% do importe da cota tributaria sinalada no artigo 5A e 5B da Ordenanza nº 8, taxa por prestación do servizo público do complexo deportivo municipal de Arteixo, prestación de servizos noutras instalacións deportivas e outros servizos análogos, xa que cumpre cos criterios establecidos na referida ordenanza.

b. Os horarios de adestramentos e escolas deportivas serán os que determine a Concellería de Deportes.

- c. A entidade deportiva non poderá percibir cantidade ningunha pola utilización das instalacións deportivas municipais como consecuencia de cesión a terceiros, nin poderá autorizar o seu uso con estes sen expreso consentimento do Concello; virá obrigada ao cumprimento das instrucións de uso que se cursen a través do Servizo Municipal de Deportes.

- d. O Concello de Arteixo resérvase a facultade da utilización das instalacións cedidas, para actos que se programen dentro do ámbito do exercicio das súas competencias municipais.



- e. O presente convenio non exclúe da obrigatoria solicitude anual da distribución de instalacións deportivas municipais á entidade deportiva, sendo competencia municipal a distribución en días e horas que anualmente se determine.
- f. O Concello respectará o acordo que outorgue o correspondente beneficio económico á citada entidade polos dereitos por publicidade que a Entidade Deportiva teña contratadas durante o desenvolvemento de acontecementos deportivos oficiais. A Entidade Deportiva respectará a publicidade institucional que o Concello teña nas súas instalacións. Cando se trate dun acto de mutua colaboración quedará remitido ao acordo que entre as partes se estableza

**CUARTA.-** O Club comprométese a colocar publicidade estática institucional do Concello de Arteixo e do Servizo Municipal de Deportes en lugar preferente en todos os encontros de liga e outras competicións ou actos deportivos organizados por esta. Igualmente en cartelería, folletos, entradas e publicidade en xeral editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos, deberá figurar o logotipo de identificación do Concello, especialmente na uniformidade dos deportistas federados da entidade.

O Servizo Municipal de Deportes, poderá autorizar a existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, se o solicita o club

**QUINTA.-** O Club obrígase ademais a:

- a) Colaborar co Concello na organización e realización dos xogos deportivos municipais, eventos deportivos populares, día da bici, torneos, campus e calquera outra actividade que contribúa a promoción do Ciclismo, entre elas o Día do Deporte na Rúa. Tal colaboración traducirase en coordinación técnica, apoio do persoal do Club, difusión da actividade, axuda na montaxe e desmontaxe de esta e todo canto requira a organización dos eventos.
- b) A colaborar na organización do Día da Bicicleta
- c) A organización dos seguintes acontecementos deportivos
  - Trofeo Mini BTT Concello de Arteixo
  - Día do Ciclismo en Familia Concello de Arteixo
  - Campamento de Verán
- d) Aportar o material necesario para o desenvolvemento normal da Escola Deportiva de Ciclismo, agás o equipamento da instalación que corresponderá ao Concello.
- e) O mantemento das bicicletas da Escola Deportiva e á reposición de dúas bicicletas ao ano,
- f) Presentar á Concellería de Deportes e levar a cabo en setembro de cada ano un programa de actividades e especialmente das Escolas Deportivas con indicación de obxectivos, contidos, temporalización, destinatarios do programa, metodoloxía, recursos materiais, recursos humanos e avaliación con relación de indicadores para a avaliación.
- g) Nomear un responsable do programa de actividade que actuará como interlocutor válido cos servizos técnico-deportivos municipais.
- h) Presentar á Concellería de Deportes informes trimestrais para o seguimento da actividade e a consecución dos obxectivos previstos, segundo a programación presentada no mes de setembro.
- i) Presentar á Concellería de Deportes informes trimestrais para o seguimento diario de asistencias ás Escolas Deportivas Municipais.



- j) Contratar os/as monitores deportivos, coa titulación legalmente esixida, necesarios para o funcionamento da Escola. Os datos persoais do responsable e dos monitores deportivos consignaranse na programación presentada no mes de setembro
- k) Manter as instalacións que utilicen en perfectas condicións e informar ao Servizo Municipal de Deportes de cantas incidencias se produzan nas mesmas. Tal Servizo, cando así o considere, inspeccionará o uso que se faga destas.
- Consultar, por escrito e con carácter previo ao Servizo Municipal de Deportes acerca de calquera iniciativa encamiñada a promocionar a Escola Deportiva.
- Asistir a cantas reunións sexan convocadas polo Servizo Municipal de Deportes facilitando todo tipo de información relativa á actividade que lle sexa requirida por estes.
- Presentar unha memoria final de tempada de acordo co programa de actividades desenvolvido, antes do 30 de novembro, de cada ano.



**SEXTA.-** O Club e o persoal que imparte as Escolas Deportivas eludirán calquera conflito persoal cos alumnos informando expresamente de todo incidente que se produza ao Servizo Municipal de Deportes. O persoal contratado polo Club observará en todo momento o necesario decoro persoal, corrección e respecto debidos á persoa usuaria.

**SÉTIMA.-** O Club realizará un seguimento da asistencia ás Escolas Deportivas, entregando trimestralmente un informe de asistencias individualizadas dos alumnos das Escolas Deportivas. Do mesmo xeito entregarase por escrito ao Servizo Municipal de Deportes a información de baixas que se produzan.

**OITAVA.-** O Servizo Municipal de Deportes designará un responsable para as Escolas Deportivas que será o encargado de supervisar o estipulado no presente convenio, e de coordinar co Club todas aquelas medidas encamiñadas á mellora da actividade proposta.

**NOVENA.-** O Concello facilitará ao Club para o desenvolvemento da Escola Deportiva a promoción, publicidade, difusión da Escola e a xestión e mantemento das instalacións deportivas municipais.

**DÉCIMA.-** As inscricións das Escolas Deportivas competirán ao propio Concello coa colaboración do Club, e deberá facilitar a todas as persoas usuarias a información referente a:

- Lugar e horario para a realización de inscricións dos/as alumnos/as na Escola.
- Horarios
- Cota total a satisfacer (que se regulará mediante prezo público municipal)
- Procedemento de pago
- Toda a información relativa a oferta da actividade.

**UNDÉCIMA.-** O Concello aportará ao Club, como axuda o desenvolvemento de Escola Deportiva, promoción do deporte federado e organización de eventos, a cantidade de 13.000,00 € por tempada (setembro a xullo), sendo ingresado con cargo ao orzamento do 2019, co desglose que se relaciona a continuación, anticipando o 50 por 100 (6.500 €) no momento da sinatura do convenio e o 30 por 100 restante cando xustifiquen o 100% do importe do convenio (antes do 30 de novembro).

	Concepto	Importe
Promoción Deporte Federado	Sí	10.000,00 €

<b>Colaboración Día do Deporte na Rúa</b>	Sí	
<b>Eventos Deportivos</b>		
Trofeo Mini BTT Concello de Arteixo		3.000,00 €
Día do Ciclismo en Familia Concello de Arteixo		
Campamento de Verán		

No caso que a Escola Deportivanon acade un mínimo de 12 participantes, o importe da axuda reducirase en un 25 %.

Se algunha actividade das que se recollen na cláusula quinta c) non se organiza ou non se realiza o gasto mínimo cos importes desglosados na táboa anterior, o importe do convenio reducirase do seguinte xeito:

- o Trofeo Mini BTT Concello de Arteixo 2.300 €
- o Día do Ciclismo en Familia Concello de Arteixo 500 €
- o Campamento de Verán 200 €

**DUODÉCIMA.-** A xustificación do convenio realizarase mediante a presentación da conta xustificativa coa documentación referida ao efecto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arteixo, **antes do 30 de novembro**, contendo como mínimo o seguinte:

**Memoria de actuación xustificativa** do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando as actividades realizadas e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)

**Memoria económica xustificativa** (arts.72 e 75 do RD 887/2006, de 21 de xullo) dos gastos e investimentos da actividade, acompañada dos orixinais ou copias cotexadas de facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio cuxo pagamento quede acreditado. Os pagamentos acreditaranse con carácter xeral mediante documento de transferencia bancaria, podendo admitirse de xeito excepcional pagos en efectivo cando a súa contía sexa inferior a 300 € (sen IVE). Neste último caso deberá constar na factura o "recibi" co selo da empresa e a sinatura de persoa física que teña a representación

Detalle de **outros ingresos** de natureza privada (cotas ou aportacións de socios, cofinanciamento de socios ou persoas beneficiarias nas actividades recibidas...)

Detalle de **outras achegas ou subvencións** de fondos públicos que teñan financiado a actividade subvencionada, indicando o importe e a procedencia

Certificado, de non recibir outras subvencións polo mesmo concepto e presentar certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia e co Concello de Arteixo.

- Declaración de non atoparse a entidade incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.
- Declaración conforme a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.
- Facturas orixinais relativas aos gastos.

- o Coa finalidade de darlle cumprimento ao disposto no art. 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentar fotocopias, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha



*diligencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello de Arteixo.*

- *Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.*
- *Non serán xustificables gastos de comidas ou bebidas.*
- *Os documentos admitidos como xustificantes (facturas, nóminas e outros documentos de valor probatorio) deberán aplicar, no seu caso, as retencións e impostos (IVE, IRPF) que correspondan. A substitución da factura por outro tipo de xustificante deberá respectar os supostos previstos no artigo 4 do RD1496/2003, Regulamento de Facturación.*



Son gastos que se subvencionan aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na presente convocatoria. A estes efectos só se poderán subvencionar conceptos reflectidos na Ordenanza Xeral de Subvencións.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirao para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

1. *Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 250€.*
2. *Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 1.000 €.*

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Para outros incumprimentos e sancións non previstos neste apartado será de aplicación o disposto na normativa legal de subvencións

**DECIMOTERCEIRA.-** O presente Convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2019; tendo en conta que a execución das actividades deberá comprender o período anual desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

Dadas as características da actividade e a posible variación de unha tempada deportiva a outra, especialmente en canto ao volume de participación se refire, a aportación económica e a cesión de uso de instalacións poderase revisar cada tempada.

**DECIMOCUARTA.-** O club disporá dunha póliza de responsabilidade civil, sendo a tomadora a entidade deportiva. Os seus compoñentes estarán en posesión da ficha federativa en vigor coa súa mutualidade deportiva, ou no seu defecto, dun seguro de accidentes que garanta a atención médica primaria e hospitalaria dos usuarios da entidade deportiva, e máis en concreto dos alumnos das Escolas Deportivas. Tanto a póliza de responsabilidade civil coma a de accidentes, manterán a súa vixencia e actualización económica polo tempo de duración do



presente convenio, debendo presentar copia no Servizo Municipal de Deportes ao comezo de cada tempada.

**DECIMOQUINTA.-** Corresponde á Xunta de Goberno Local a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte do Club de calquera das obrigas no mesmo contidas.

E en proba da conformidade ambas parte subscriben este convenio, a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

POLO CONCELLO DE ARTEIXO




Asdo.: Carlos Calvelo Martínez  
Alcalde

POLO CLUB CICLISTA ARTEIXO



Asdo.: Jessica Angulo Pérez  
Presidenta

ANTE MIN  
A Secretaria Xeral,



Asdo.: Ana Ramos Ramos